# Boletín Oficial
## Provincia de Ourense

N.º 173 · Sábado, 29 xullo 2017 — *Dep. legal:* OR-1/1958 · Franqueo concertado 30/2

## SUMARIO

IV. ENTIDADES LOCAIS

**Barbadás**

Exposición pública da aprobación inicial da modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola recollida de vehículos ..... 2

Exposición pública da aprobación inicial da Ordenanza reguladora do funcionamento da Escola de Música Municipal de Barbadás e da taxa pola prestación deste servizo ..... 2

**Castrelo de Miño**

Exposición pública da aprobación inicial do proxecto de obras para "Mellora e mantemento de camiños de titularidade municipal: Tallón-Albín, Prado de Miño, A Cancela-Freás de Astariz e Fonte de Freás- Troncoso" ..... 2

**Celanova**

Delegación temporal das competencias propias da Alcaldía no primeiro tenente de alcalde. Expediente: 1201/2017 ..... 3

**Coles**

Exposición pública da aprobación inicial do expediente de modificación de créditos (suplemento de crédito SC2/2017), dentro do orzamento de 2017 ..... 3

**Leiro**

Exposición pública da aprobación da prestación do servizo público "Centro de Día de Maiores" ..... 3

**Maside**

Exposición pública da aprobación do proxecto técnico da obra amaño de fochancas e reparación do firme das rúas Pousiña, Lovada, Ribiñas e outros" ..... 4

Exposición pública da adxudicación provisional do contrato de obras para amaño de fochancas e reparación de firme das rúas Pousiña, Lovada, Ribiñas e outros ..... 4

Notificación colectiva dos padróns da taxa polo servizo de subministración de auga, da taxa da rede de sumidoiros e canon da auga da Xunta de Galicia, correspondentes ao 1º bimestre de 2017 e anuncio de cobranza en período voluntario ..... 4

**Ourense**

Delegación temporal de áreas nas concelleiras Ana María Fernández Morenza e María Belén Iglesias Cortés ..... 5

**Parada de Sil**

Aprobación definitiva da Ordenanza reguladora da limpeza de terreos e soares e de protección contra os incendios forestais e distancia das plantacións ..... 6

Aprobación definitiva da Ordenanza reguladora do prezo público pola entrada e visita ao Mosteiro de Santa Cristina ..... 9

**Piñor**

Exposición pública da aprobación inicial do orzamento de 2017 ..... 9

Delegación temporal das funcións da Alcaldía ..... 10

**San Cristovo de Cea**

Aprobación da modificación das bases para a compravenda de parcelas no polígono industrial ..... 10

**Sarreaus**

Delegación temporal das competencias da Alcaldía ..... 10

**Viana do Bolo**

Delegación temporal das funcións da Alcaldía ..... 11

**Vilamarín**

Exposición pública da aprobación do proxecto "Obras complementarias no campo de fútbol municipal de Vilamarín" ..... 11

**Vilardevós**

Notificación colectiva do padrón da taxa polo abastecemento da auga potable e do canon da auga da Xunta de Galicia, correspondente ao 2º trimestre de 2017 ..... 11

*IV. ENTIDADES LOCALES*

***Barbadás***

*Exposición pública de la aprobación inicial de la modificación de la Ordenanza Fiscal Reguladora de la Tasa por la Recogida de Vehículos ..... 2*

*Exposición pública de la aprobación inicial de la Ordenanza Reguladora del Funcionamiento de la Escuela de Música Municipal de Barbadás y de la tasa por la prestación de este servicio ..... 2*

***Castrelo de Miño***

*Exposición pública de la aprobación inicial del proyecto de obra para "Mejora y mantenimiento de caminos de titularidad municipal: Tallón-Albín, Prado de Miño, A Cancela-Freás de Astariz y Fonte de Freás- Troncoso" ..... 3*

***Celanova***

*Delegación temporal de las competencias propias de la Alcaldía en el primer teniente de alcalde. Expediente: 1201/2017 ..... 3*

***Coles***

*Exposición pública de la aprobación inicial del expediente de modificación de créditos (suplemento de crédito SC2/2017), dentro del presupuesto de 2017 ..... 3*

***Leiro***

*Exposición pública de la aprobación de la prestación del servicio público "Centro de Día de Mayores" ..... 4*

***Maside***

*Exposición pública de la aprobación del proyecto técnico de la obra bacheo y reparación del firme de las calles Pousiña, Lovada, Ribiñas y outros" ..... 4*

*Exposición pública de la adjudicación provisional del contrato de obras de bacheo y reparación de firme de las calles Pousiña, Lovada, Ribiñas y otros ..... 4*

*Notificación colectiva de los padrones de la tasa por los servicios de suministro de agua, de la tasa red de alcantarillado y del canon del agua de la Xunta de Galicia, correspondientes al 1º bimestre de 2017 y anuncio de cobro en periodo voluntario ..... 5*

***Ourense***

*Delegación temporal de áreas en las concejalas Ana María Fernández Morenza e María Belén Iglesias Cortés ..... 6*

***Parada de Sil***

*Aprobación definitiva de la Ordenanza Reguladora de la Limpieza de Terrenos y Solares y de Protección contra los Incendios Forestales y Distancia de las Plantaciones ..... 7*

*Aprobación definitiva de la Ordenanza Reguladora del Precio Público por la Entrada y Visita al Monasterio de Santa Cristina ..... 9*

***Piñor***

*Exposición pública de la aprobación inicial del presupuesto de 2017 ..... 10*

*Delegación temporal de las funciones de la Alcaldía ..... 10*

***San Cristovo de Cea***

*Aprobación de la modificación de las bases para la compraventa de parcelas en el polígono industrial ..... 10*

***Sarreaus***

*Delegación temporal de las competencias de la Alcaldía ..... 11*

***Viana do Bolo***

*Delegación temporal de las funciones de la Alcaldía ..... 11*

***Vilamarín***

*Exposición pública de la aprobación del proyecto "Obras complementarias en el campo de fútbol municipal de Vilamarín" ..... 11*

***Vilardevós***

*Notificación colectiva del padrón de la tasa por el abastecimiento del agua potable y del canon del agua de la Xunta de Galicia, correspondiente al 2º trimestre de 2017 ..... 12*

**Xinzo de Limia**
Convocatoria do procedemento aberto, para a adxudicación do contrato de xestión do servizo de inmobilización e retirada de vehículos da vía pública e o seu depósito e garda, baixo a modalidade de concesión .................................................. 12
**Mancomunidade de Concellos da Comarca de Verín**
Convocatoria para a contratación dun técnico en cooperativismo e economía social .............................................................. 14

**V. TRIBUNAIS E XULGADOS**
**Xulgado do Social n.º 2 de Ourense**
Resolución no procedemento 56/2017 contra a empresa Zebra Limpieza, SL ............................................................. 14
**Xulgado de Instrución n.º 2 de Ourense**
Notificación de sentenza a Santiago Sotelo Vázquez no xuízo sobre delitos leves n.º 1415/2016........................................... 15

**VI. ANUNCIOS DE PARTICULARES E OUTROS**
**Comunidade de Regantes de Barcia**
**Melón**
Convocatoria para asemblea xeral da Comunidade de Regantes de Barcia, para a aprobación dos Estatutos da Comunidade ............ 16
**Comunidade de Regantes da Reza**
**A Arnoia**
Convocatoria para xunta xeral da Comunidade de Regantes da Reza, A Arnoia........................................................................ 16

***Xinzo de Limia***
*Convocatoria del procedimiento abierto, para la adjudicación del contrato de gestión del servicio de inmovilización y retirada de vehículos de la vía pública y su depósito y guarda, bajo la modalidad de concesión .................................................. 13*
***Mancomunidad de Ayuntamientos de la Comarca de Verín***
*Convocatoria para la contratación de un técnico en cooperativismo y economía social ............................................................. 14*

***V. TRIBUNALES Y JUZGADOS***
***Juzgado de lo Social n.º 2 de Ourense***
*Resolución en el procedimiento 56/2017 contra la empresa Zebra Limpieza, SL ............................................................ 15*
***Juzgado de Instrucción n.º 2 de Ourense***
*Notificación de sentencia a Santiago Sotelo Vázquez en el juicio sobre delitos leves n.º 1415/2016 .......................................... 15*

***VI. ANUNCIOS DE PARTICULARES Y OTROS***
***Comunidad de Regantes de Barcia***
***Melón***
*Convocatoria para asamblea general de la Comunidad de Regates de Barcia, para la aprobación de los Estatutos de la Comunidad....... 16*
***Comunidade de Regantes de A Reza***
***A Arnoia***
*Convocatoria para junta general de la Comunidade de Regates da Reza, A Arnoia ......................................................................... 16*

# IV. ENTIDADES LOCAIS
# *IV. ENTIDADES LOCALES*

## Barbadás

Anuncio

O Pleno da Corporación, na sesión ordinaria do día 4 de xullo de 2017, aprobou inicialmente a modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola recollida de vehículos.

De conformidade do disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, do 02 de abril, reguladora das bases do réxime local, a dita ordenanza encóntrase exposta ao público no taboleiro de anuncios do concello e a disposición dos administrados nas dependencias municipais, para os efectos de presentación de alegacións, durante un prazo de 30 días a partir da publicación deste anuncio.

Barbadás, 7 de xullo de 2017. O alcalde.

---

*Anuncio*

*El Pleno de la Corporación, en la sesión ordinaria del día 4 de julio de 2017, aprobó inicialmente la modificación de la Ordenanza Fiscal Reguladora de la Tasa por la Recogida de Vehículos.*

*De conformidad con lo dispuesto en el artículo 49 de la Ley 7/1985, de 02 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local, dicha ordenanza se encuentra expuesta al público en el tablón de anuncios del ayuntamiento y a disposición de los administrados en las dependencias municipales, para los efectos de presentación de alegaciones, durante un plazo de 30 días a partir de la publicación del presente anuncio.*

*Barbadás, 7 de julio de 2017. El alcalde.*

***R. 2.175***

---

## Barbadás

Anuncio

O Pleno da Corporación, na sesión ordinaria do día 4 de xullo de 2017, aprobou inicialmente a Ordenanza reguladora do funcionamento da Escola de Música Municipal de Barbadás e da taxa pola prestación deste servizo.

De conformidade do disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, a dita ordenanza encóntrase exposta ao público no taboleiro de anuncios do concello e a disposición dos administrados nas dependencias municipais, para os efectos de presentación de alegacións, durante un prazo de 30 días a partir da publicación deste anuncio.

Barbadás, 7 de xullo de 2017. O alcalde.

---

*Anuncio*

*El Pleno de la Corporación, en la sesión ordinaria del día 4 de julio de 2017, aprobó inicialmente la Ordenanza Reguladora del Funcionamiento de la Escuela de Música Municipal de Barbadás y de la tasa por la prestación de este servicio.*

*De conformidad con lo dispuesto en el artículo 49 da Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local, dicha ordenanza se encuentra expuesta al público en el tablón de anuncios del ayuntamiento y a disposición de los administrados en las dependencias municipales, a los efectos de presentación de alegaciones, durante un plazo de 30 días a partir de la publicación del presente anuncio.*

*Barbadás, 7 de julio de 2017. El alcalde.*

***R. 2.171***

---

## Castrelo de Miño

Anuncio

Aprobado inicialmente, por resolución da Alcaldía con data 7 de xullo de 2017, o proxecto de obras para mellora e mantemento de camiños de titularidade municipal que expresa os seguintes: Tallón-Albín, Prado de Miño, A Cancela-Freás de Astariz e Fonte de Freás- Troncoso, sométese a información pública polo prazo de vinte días, contados desde o día seguinte ao de publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Ourense.

Durante o dito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que formulen as alegacións que se estimen pertinentes.

Castrelo de Miño, 7 de xullo de 2017. O alcalde.

Asdo.: Xurxo Rodríguez Méndez.

Asinado electronicamente.

*Anuncio*

*Aprobado inicialmente por resolución de la Alcaldía con fecha 7 de julio de 2017 el proyecto de obras para mejora y mantenimiento de caminos de titularidad municipal que contempla los siguientes: Tallón-Albín, Prado de Miño, A Cancela-Freás de Astariz e Fonte de Freás- Troncoso se somete a información pública por el plazo de veinte días, a contar desde el día siguiente al de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Ourense.*

*Durante el plazo podrá ser examinado por cualquier interesado en las dependencias municipales para que se formulen las alegaciones que se estimen pertinentes.*

*Castrelo de Miño, 7 de julio de 2017. El alcalde.*

*Fdo.: Xurxo Rodríguez Méndez.*

*Firmado electrónicamente.*

***R. 2.167***

## Celanova

Anuncio

Con data 4 de xullo de 2017 o alcalde-presidente do Concello de Celanova ditou, entre outros, o seguinte decreto:

"Decreto

Expediente: 1201/2017

Asunto: delegación de atribucións do alcalde no primeiro tenente de alcalde por ausencia.

Por mor da ausencia prevista para os días 9 e 10 de xullo de 2017, ambos inclusive, por motivo de viaxe fóra do termo municipal, e ao abeiro dos artigos 23.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 47.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, resolvo delegar, durante os devanditos días 9 e 10 de xullo de 2017, a totalidade das funcións da Alcaldía que non están delegadas na Xunta de Goberno Local no primeiro tenente de alcalde D. Julio Mosquera González.

Este Decreto deberá ser publicado no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa eficacia dende o día seguinte ao da data do mesmo".

Isto faise público para os efectos oportunos, de acordo co previsto no artigo 44.2 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais

Celanova, 7 de xullo de 2017. O alcalde.

Asdo.: José Luís Ferro Iglesias.

---

*Anuncio*

*Con fecha 4 de julio de 2017 el alcalde-presidente del Ayuntamiento de Celanova dictó, entre otros, el siguiente decreto:*

*"Decreto*

*Expediente: 1201/2017*

*Asunto: delegación de atribuciones del alcalde en el primer teniente de alcalde por ausencia.*

*Con motivo de la ausencia prevista para los días 9 y 10 de julio de 2017, ambos incluidos, por motivo de un viaje fuera del término municipal, y de acuerdo con los artículos 23.3 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local, y 47.2 del Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales, aprobado por el Real Decreto 2568/1986, de 28 de noviembre, resuelvo delegar, durante dichos días 9 y 10 de julio de 2017, la totalidad de las funciones de la Alcaldía que no están delegadas en la Junta de Gobierno Local en el primer teniente de alcalde D. Julio Mosquera González.*

*Este Decreto deberá ser publicado en el Boletín Oficial de la Provincia, sin perjuicio de su eficacia desde el día siguiente al de la fecha del mismo".*

*Lo que se hace público a los efectos oportunos, de acuerdo con lo previsto en el artículo 44.2 del Real Decreto 2568/1986, de 28 de noviembre, por el que se aprueba el Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales*

*Celanova, 7 de julio de 2017. El alcalde.*

*Fdo.: José Luis Ferro Iglesias.*

***R. 2.168***

## Coles

Edicto

O Pleno do Concello de Coles, na sesión que tivo lugar o día 30 de xuño de 2017, acordou a aprobación do expediente de modificación de créditos (suplemento de crédito SC2/2017), dentro do vixente orzamento e, en cumprimento do disposto no artigo 177.2 en relación co 169 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, exponse ao público, polo prazo de quince días hábiles, na secretaría do concello, co fin de que durante este, que comezará a contarse desde o seguinte ao de inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, poidan formularse as reclamacións que se consideren oportunas, as cales deberán dirixirse ao Pleno da Corporación.

Coles, 10 de xullo de 2017. O alcalde.

Asdo.: Manuel Rodríguez Vázquez.

---

*Edicto*

*El Pleno del Ayuntamiento de Coles, en la sesión que tuvo lugar el día 30 de junio de 2017, acordó la aprobación inicial del expediente de modificación de créditos (suplemento de crédito SC2/2017), dentro del vigente presupuesto y, en cumplimiento de lo dispuesto en el artículo 177.2 en relación con el 169 del RDL 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, se expone al público, por plazo de quince días hábiles, en la secretaría del ayuntamiento a fin de que durante el mismo, que comenzará a contarse desde el siguiente al de la inserción de este anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia, puedan formularse las reclamaciones que se consideren oportunas, las cuales deberán dirigirse al Pleno de la Corporación.*

*Coles, 10 de julio de 2017. El alcalde.*

*Fdo: Manuel Rodríguez Vázquez.*

***R. 2.188***

## Leiro

Por acordo do Pleno, con data 20 de xullo de 2017, aprobouse a memoria xustificativa relativa á prestación por parte do concello do servizo público de "Centro de Día de Maiores", xunto cos proxectos de regulamentos de acceso e de réxime interno, así como o anteproxecto de explotación do servizo e demais documentación complementaria anexa, polo que se somete a información pública por prazo de 30 días naturais, contado dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Establécese como forma de xestión a xestión indirecta a través de concesión.

Durante este prazo poderase examinar a dita documentación polos particulares e entidades nas dependencias municipais, para os efectos de que se formulen as observacións que se estimen pertinentes.

O que se publica, de conformidade co disposto no artigo 97.1.c) do Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado polo Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril.

Leiro, 21 de xullo de 2017. O alcalde.

Asdo.: Francisco José Fernández Pérez.

---

*Por acuerdo del Pleno, con fecha 20 de julio de 2017, se aprobó la memoria justificativa relativa a la prestación por parte del ayuntamiento del servicio público de "Centro de Día de Mayores", junto con los proyectos de reglamentos de acceso y de régimen interno, así como el anteproyecto de explotación del servicio y demás documentación complementaria anexa, por lo que se somete a información pública por un plazo de 30 días naturales, contado desde el día siguiente al de publicación de este anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia.*

*Se establece como forma de gestión la gestión indirecta a través de concesión.*

*Durante este plazo se podrá examinar dicha documentación por los particulares y entidades en las dependencias municipales, para los efectos de que se formulen las observaciones que se estimen pertinentes.*

*Lo que se publica, de conformidad con lo dispuesto en el artículo 97.1.c) del Texto Refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de Régimen Local, aprobado por Real Decreto Legislativo 781/1986, del 18 de abril.*

*Leiro, 21 de julio de 2017. El alcalde.*

*Fdo.: Francisco José Fernández Pérez.*

***R. 2.325***

## Maside

Edicto

A Xunta de Goberno Local deste concello, na sesión extraordinaria que tivo lugar o día 25 de abril de 2017, aprobou o proxecto técnico da obra "amaño de fochancas e reparación do firme das rúas Pousiña, Lovada, Ribiñas e outros", cun orzamento de 82.500,00 €, que redactou o enxeñeiro de obras públicas, Diego Conde Rodríguez, colexiado n.º 31384.

A devandita aprobación exponse ao público na secretaría do concello, durante o prazo de vinte días contados a partir da súa publicación no BOP, para o exame e presentación de reclamacións por todas as persoas interesadas.

Maside, 18 de xullo de 2017. O alcalde-acctal.

Asdo.: José Manuel Iglesias Araujo.

---

*Edicto*

*La Junta de Gobierno Local de este ayuntamiento, en la sesión extraordinaria que tuvo lugar el día 25 de abril de 2017, aprobó el proyecto técnico de la obra "bacheo y reparación del firme de las calles Pousiña, Lovada, Ribiñas y otros", con un presupuesto de 82.500 €, redactado por el ingeniero de obras públicas don Diego Conde Rodríguez, colegiado n.º 31384.*

*La citada aprobación se expone al público en la secretaría del ayuntamiento durante un plazo de veinte días contados a partir de su publicación en el BOP, para examen y presentación de reclamaciones por todas las personas interesadas.*

*Maside, 18 de julio de 2017. El alcalde-acctal.*

*Fdo.: José Manuel Iglesias Araujo.*

***R. 2.303***

## Maside

Por Resolución da Alcaldía, con data 14 de xullo de 2017, aprobouse a adxudicación provisional do contrato de obras para amaño de fochancas e reparación de firme das rúas Pousiña, Lovada, Ribiñas e outros; o que se publica para os efectos do artigo 135.3 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.

1. Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Concello de Maside.

b) Dependencia que tramita o expediente: Alcaldía.

c) Número de expediente: 1.

2. Obxecto do contrato.

a) Tipo de contrato: negociado sen publicidade

b) Descrición do obxecto: amaño de fochancas e reparación de firme das rúas Pousiña, Lovada, Ribiñas e outros.

3. Tramitación, procedemento.

a) Tramitación: urxente.

b) Procedemento: contrato negociado sen publicidade.

4. Prezo do contrato.

Prezo 68.181,82 euros e 14.318,18 euros de IVE.

5. Adxudicación provisional.

a) Data: 14/07/2017.

b) Contratista: CONSANOR, S.L.

c) Nacionalidade: española.

d) Importe de adxudicación: 82.500 € e 11.000 € en melloras.

Maside, 18 de xullo de 2017

El alcalde-acctal. Asdo.: José Manuel Iglesias Araujo.

---

*Por Resolución de la Alcaldía, con fecha 14/07/2017, se aprobó la adjudicación provisional del contrato de obras de bacheo y reparación de firme de las calles Pousiña, Lovada, Ribiñas y otros; lo que se publica para los efectos del artículo 135.3 de la Ley 30/2007, de 30 de octubre, de Contratos del Sector Público.*

*1. Entidad adjudicadora.*

*a) Organismo: Concello de Maside.*

*b) Dependencia que tramita el expediente: Alcaldía.*

*c) Número de expediente: 1.*

*2. Objeto del contrato.*

*a) Tipo de contrato: negociado sin publicidad*

*b) Descripción del objeto: bacheo y reparación de firme de las calles Pousiña, Lovada, Ribiñas y otros*

*3. Tramitación, procedimiento.*

*a) Tramitación: urgente.*

*b) Procedimiento: contrato negociado sin publicidad.*

*4. Precio del contrato.*

*Precio 68.181,82 euros y 14.318,18 euros de IVA.*

*5. Adjudicación provisional.*

*a) Fecha: 14/07/2017.*

*b) Contratista: CONSANOR, S.L.*

*c) Nacionalidad: española.*

*d) Importe de adjudicación: 82.500 € y 11.000 € en mejoras.*

*Maside, 18 de julio de 2017*

*El alcalde-acctal. Fdo.: José Manuel Iglesias Araujo.*

***R. 2.302***

## Maside

Edicto

Notificación colectiva dos padróns da taxa polo servizo de subministración de auga, da taxa da rede de sumidoiros e canon da auga da Xunta de Galicia, correspondentes ao 1º bimestre de 2017 e anuncio de cobranza en período voluntario.

Mediante Resolución da Alcaldía, con data 6 de xullo de 2017, aprobouse o padrón e listas cobratorias, que comprende os suxeitos pasivos, o feito impoñible e a débeda tributaria, da taxa polo servizo de subministración de auga, da taxa da rede de sumidoiros e do canon da auga da Xunta de Galicia, correspondentes ao 1º bimestre de 2017, os cales se expoñen ao público, servindo este anuncio de notificación colectiva, de acordo co disposto no artigo 102 da Lei xeral tributaria, durante o prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da publicación deste edicto no BOP e no taboleiro de edictos do concello. Durante este prazo, os devanditos padróns estarán ao dispor dos interesados no concello para exame e alegacións ou reclamacións que se estimen pertinentes.

Contra o acto de aprobación dos padróns e das listas cobratorias e liquidación tributaria incorporadas a este, os interesados poderán interpor o recurso de reposición ante a Alcaldía, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da finalización da exposición pública do padrón, que se entenderá rexeitado se ao transcorrer un mes desde a súa presentación non se resolve de maneira expresa; ou ben recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, con sede en Ourense, no prazo de dous meses se a resolución do recurso de reposición é expresa, e no prazo de 6 meses desde a súa interposición, se non o fose. Así mesmo, poderá interporse calquera outro recurso que aos interesados lles conveña. O canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación.

Cobranza en período voluntario: de conformidade co disposto no artigo 24 do Regulamento xeral de recadación, anúnciase a cobranza en período voluntario das referidas taxas e do canon da auga da Xunta de Galicia.

Prazo: do 17/07/2017 ó 18/09/2017 nas oficinas de Recadación, situadas na rúa R. Soto, n.º 30-1º.

Unha vez transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario das taxas de auga e sumidoiros, as débedas serán esixidas polo procedemento de constrinximento e devindicarán a recarga de constrinximento, xuros de mora e, de ser o caso, as custas que se produzan.

Así mesmo, unha vez transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario do canon da auga, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

Maside, 6 de xullo de 2017. O alcalde.

Asdo.: Celso Fernández López.

---

*Edicto*

*Notificación colectiva de los padrones de la tasa por los servicios de suministro de agua, de la tasa por la red de alcantarillado y del canon del agua de la Xunta de Galicia, correspondientes al 1º bimestre de 2.017 y anuncio de cobro en periodo voluntario.*

*Mediante Resolución de la Alcaldía, de fecha 6 de julio de 2017, se aprobó el padrón y listas cobratorias, que comprende los sujetos pasivos, el hecho imponible y la deuda tributaria, de la tasa por los servicios de suministro de agua, de la tasa por la red de alcantarillado y del canon del agua de la Xunta de Galicia, correspondientes al 1º bimestre de 2017, lo cual se expone al público, sirviendo este anuncio de notificación colectiva, de acuerdo con lo dispuesto en el artículo 102 de la Ley General Tributaria, durante el plazo de un mes, a contar desde el día siguiente a la publicación del presente edicto en el BOP y en el tablón de edictos del ayuntamiento. Durante este plazo, dicho padrón estará a disposición de los interesados en el ayuntamiento para examen y alegaciones o reclamaciones que se estimen pertinentes.*

*Contra el acto de aprobación de los padrones y de las listas cobratorias y liquidación tributaria incorporadas a éste, los interesados, podrán interponer el recurso de reposición ante la Alcaldía, en el plazo de un mes, contado desde el día siguiente al de la finalización de la exposición pública del padrón, que se entenderá rechazado si al transcurrir un mes desde su presentación no se resuelve de manera expresa; o bien recurso contencioso-administrativo, ante el Juzgado del Contencioso-Administrativo, con sede en Ourense, en el plazo de dos meses si la resolución del recurso de reposición es expresa, y en el plazo de 6 meses desde su interposición, se no lo fuese. Asimismo, podrá interponerse cualquier otro recurso que a los interesados les convenga. El canon del agua podrá ser objeto de reclamación económico-administrativa ante el órgano económico-administrativo de la Comunidad Autónoma de Galicia en el plazo de un mes desde que se entienda producida la notificación.*

*Cobro en periodo voluntario: de conformidad con lo dispuesto en el artículo 24 del Reglamento General de Recaudación, se anuncia el cobro en periodo voluntario de las referidas tasas y del canon del agua de la Xunta de Galicia.*

*Plazo: del 17/07/17 al 18/09/2017 en las oficinas de Recaudación sitas en la calle R. Soto, n.º 30-1º.*

*Una vez transcurrido el plazo de ingreso en período voluntario, las deudas serán exigidas por el procedimiento de apremio y devengarán el recargo de apremio, interés de demora y, de ser el caso, las costas que se produzcan.*

*Asimismo trascurrido el plazo de ingreso en período voluntario del canon del agua, las deudas serán exigidas por vía de apremio por la consellería competente en materia de hacienda de la Xunta de Galicia.*

*Maside, 6 de julio de 2017. El alcalde.*

*Fdo.: Celso Fernández López.*

***R. 2.173***

---

## Ourense

"Decreto da Alcaldía.- Ourense, na data da sinatura electrónica.

No uso das atribucións que me foron concedidas polo art. 124 da Lei de bases de réxime local e en relación co disposto nos artigos 43 e seguintes do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, esta Alcaldía, por razóns de ausencia dos concelleiros don Jorge Pumar Tesouro e don Francisco Carlos Campos San Martín, resolve:

1. Delegar as funcións das áreas de Servizos Xerais, Promoción Económica, Recursos Europeos, Formación Ocupacional, Turismo e Termalismo, Sistemas de Información e Cooperación Institucional, que están atribuídas ao concelleiro e membro da Xunta de Goberno Local, don Jorge Pumar Tesouro, en virtude do decreto n.º 2017002214 do 30.03.2017 e do acordo da Xunta de Goberno local do 30.03.2017, na concelleira dona Ana María Fernández Morenza, desde o día 10 ao 16 de xullo de 2017, ambos os dous incluídos.

2. Delegar as funcións das áreas de Seguridade Cidadá e Participación Cidadá, que están atribuídas ao concelleiro e membro da Xunta de Goberno Local, don Francisco Carlos Campos San Martín, en virtude do decreto n.º 2017002214 do 30.03.2017 e do acordo da Xunta de Goberno local do 30.03.2017, na concelleira dona María Belén Iglesias Cortés, desde o día 9 ao 16 de xullo de 2017, ambos os dous incluídos.

3. Nas resolucións que se adopten no exercicio das delegacións conferidas por esta Alcaldía, farase constar expresamente esta circunstancia e a data desta.

4. Esta resolución seralle notificada persoalmente ás designadas, para os efectos da súa aceptación a cal se considerará tacitamente realizada salvo manifestación expresa; daráselle conta ao Pleno e á Xunta de Goberno Local na primeira sesión que teña lugar e publicarase no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos da Casa do Concello, sen prexuízo da súa efectividade dende o mesmo día e hora da súa sinatura.

Mándao e asínao o alcalde do que eu, como oficial maior, dou fe."

Ourense, 7 de xullo de 2017. O alcalde.

Asdo.: Jesús Vázquez Abad.

---

*"Decreto de la Alcaldía. - Ourense, en fecha señalada electrónicamente.*

*En uso de las atribuciones que me fueron concedidas por el art. 124 de la Ley de Bases de Régimen Local y en relación con lo dispuesto en los artículos 43 y siguientes del Reglamento de Organización, funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales, esta Alcaldía, por razones de ausencia de los concejales don Jorge Pumar Tesouro y don Francisco Carlos Campos San Martín, resuelve:*

*1. Delegar las funciones de las áreas de Servicios Generales, Promoción Económica, Recursos Europeos, Formación Ocupacional, Turismo y Termalismo, Sistemas de Información y Cooperación Institucional, que están atribuidas al concejal y miembro de la Junta de Gobierno Local, don Jorge Pumar Tesouro, en virtud del decreto n.º 2017002214 del 30.03.2017 y del acuerdo de la Junta de Gobierno Local del 30.03.2017, en la concejala doña Ana María Fernández Morenza, desde el día 10 al 16 de julio de 2017, ambos incluidos.*

*2. Delegar las funciones de las áreas de Seguridad Ciudadana y Participación Ciudadana, que están atribuidas al concejal y miembro de la Junta de Gobierno Local, don Francisco Carlos Campos San Martín, en virtud del decreto n.º 2017002214 del 30.03.2017 y del acuerdo de la Junta de Gobierno Local del 30.03.2017, en la concejala doña María Belén Iglesias Cortés, desde el día 9 al 16 de julio de 2017, ambos incluidos.*

*3. En las resoluciones que se adopten en el ejercicio de las delegaciones conferidas por esta Alcaldía, se hará constar expresamente esta circunstancia y la fecha de esta.*

*4. Esta resolución le será notificada personalmente a las designadas, para los efectos de su aceptación la cual se considerará tácitamente aceptada salvo manifestación expresa, se le dará cuenta al Pleno y a la Junta de Gobierno Local en la primera sesión que tenga lugar y se publicará en el Boletín Oficial de la Provincia y en el tablón de edictos de la Casa Consistorial, sin perjuicio de su efectividad desde el mismo día de su firma.*

*Lo manda y lo firma el alcalde, de lo que yo, como Oficial Mayor, doy fe."*

*Ourense, 7 de julio de 2017. El alcalde.*

*Fdo.: Jesús Vázquez Abad.*

***R. 2.191***

---

## Parada de Sil

Anuncio

O pleno da Corporación, na sesión extraordinaria que tivo lugar o día 28 de abril de 2017, aprobou inicialmente a Ordenanza reguladora da limpeza de terreos e soares e de protección contra os incendios forestais e distancia das plantacións, unha vez exposta ao público e non presentándose alegacións nin reclamacións, enténdese definitivamente aprobada polo que se procede a súa transcrición:

Ordenanza municipal reguladora da limpeza de terreos e soares e de protección contra os incendios forestais e distancias das plantacións

De conformidade coa potestade regulamentaria atribuída polos artigos 4.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora do réxime local e 6.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia, o Concello de Parada de Sil por medio desta ordenanza proponse regular a limpeza de terreos e, no ámbito da súas competencias, a distancia das plantacións forestais, co obxecto de conseguir as axeitadas condicións de salubridade e de previr e evitar os incendios forestais.

Artigo 1.- Fundamento

Esta ordenanza é de aplicación no marco do disposto na Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia e Decreto 105/2006, do 22 de xuño, polo que se regulan medidas relativas a prevención de incendios forestais, e tamén na Lei 2/2016, do solo de Galicia e Decreto 143/2016, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro.

Artigo 2- Finalidade

Esta ordenanza, que ten natureza de ordenanza non fiscal, ten por finalidade establecer as condicións para levar adiante a limpeza e a fixación da distancia para plantacións nos terreos clasificados como núcleos urbanos, urbanizables ou de núcleo rural do termo municipal.

Artigo 3.- Ámbito de aplicación

Esta ordenanza é de obrigado cumprimento para todas as persoas, tanto físicas como xurídicas, que teñan os seus terreos dentro do termo municipal de Parada de Sil.

Conforme co disposto no artigo 4.2 da Lei 5/1 997, do 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia, esta ordenanza será de aplicación en todo o non previsto pola lexislación básica.

Artigo 4.- Definicións

Para os efectos desta ordenanza terán a consideración de núcleo urbano, urbanizable e núcleo rural os terreos e soares que entren dentro desas delimitacións segundo o planeamento urbanístico en vigor

Artigo 5.· Limpeza de terreos

Os propietarios e arrendadores de terreos incluídas en solo urbano, urbanizable ou de núcleo rural, teñen a obriga de mantelas limpas e rozadas de todo tipo de vexetación e nas debidas condicións de seguridade e salubridade, debendo proceder á súa desinfección e desratización periódica.

Artigo 6.- Actuacións

De acordo co disposto na Lei 3/2007, os propietarios ou titulares do dereito de aproveitamento sobre os terreos situados en solo urbano, urbanizable ou de núcleo rural, que estean a menos de 50 metros do perímetro do monte deberán mantelos limpos e rozados de vexetación de acordo cos bandos e instrucións ditados pola Alcaldía e, en todo caso, antes do 1 de xuño de cada ano.

Esta mesma obriga terán os propietarios ou titulares do dereito de aproveitamento sobre os terreos que estando situados nunha franxa de 50 metros arredor de edificacións. vivendas illadas e urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalación industriais, estean a menos de 400 metros do monte.

Ademais, nos primeiros 30 metros dende o límite da propiedade, non poderá haber especies das sinaladas na disposición adicional 3ª da Lei 3/2007, agás que se trate de árbores singulares, illadas ou que cumpran funcións ornamentais.

Artigo 7.- Distancias nas repoboacións forestais e plantacións

De conformidade co disposto na Lei 7/2012, de montes, quedan prohibidas as repoboacións forestais nos terreos clasificados como solo urbano, urbanizable ou de núcleo rural. No seu caso as repoboacións forestais deberán gardar, respecto das edificacións, vivendas illadas, pozos, e instalación industriais, a distancia mínima de 15 metros cando se trate de especies frondosas e de 30 metros no resto de especies.

Artigo 8.- Licenzas e permisos para talas

As talas e os abatementos de árbores que constituían masa arbórea, espazo boscoso, arboredo ou parque, a excepción das autorizadas en solo rústico ou urbanizable polos órganos competentes da Comunidade Autónoma en materia forestal, estarán suxeitas a obtención da licenza previa municipal por parte deste concello.

Artigo 9.- Execución subsidiaria

Se os propietarios ou titulares dos dereitos de aproveitamento dos terreos non realizasen os traballos de roza de vexetación e/ou de limpeza no prazos fixados polo concello, este poderá levalos adiante, co apercibimento previo en forma e sen prexuízo da imposición, logo da tramitación do oportuno expediente, das sancións procedentes.

Os custos derivados deses traballos seranlles repercutidos, de ser o caso, aos propietarios ou titulares dos aproveitamentos dos terreos, procedendo, nese caso, ao cobro dos gastos que se lle ocasionen ao concello a través do procedemento de constrinximento.

Artigo 10.- Competencia

Correspóndelle ao Concello de Parada de Sil a través da Alcaldía ou concelleiro no que delegue, a inspección e sanción das infraccións, logo da instrución do correspondente expediente, derivadas das obrigas reguladas nesta ordenanza. Cando se detecten infraccións de índole penal ou de competencia doutras administracións, darase conta inmediata destas á autoridade ou organismo que corresponda.

Artigo 11.- Clasificación das infraccións

Considéranse infraccións administrativas en relación coas materias ás que se refire esta ordenanza, os actos u omisións que contraveñan o establecido nas normas que integran o seu contido.

As infraccións clasifícanse en leves, graves e moi graves.

Artigo 12.- Infraccións leves

a) Non proceder á limpeza e roza dos terreos e franxas sinaladas nesta ordenanza unha vez transcorrido o prazo sinalado polo concello.

b) Non cumprir as ordes específicas ditadas polo concello.

Artigo 13.· Infraccións graves

a) Non proceder á roza e limpeza dos terreos unha vez notificada a súa obriga e despois de serlle comunicada a valoración do custo destas, cando haxa risco inminente de incendio para as vivendas e persoas.

b) Non permitirlle o acceso ao persoal de vixilancia para la inspección dos terreos.

c) A negativa a subministrar información á autoridade municipal, funcionarios e axentes en cumprimento das súas funcións.

d) A realización de plantacións sen gardar as distancias establecidas nesta ordenanza.

e) A realización de plantacións nos lugares expresamente prohibidos nesta ordenanza.

f) A reincidencia en infraccións leves. Enténdese que existe reincidencia pola comisión no termo dun ano dunha infracción leve, cando así fose declarado por resolución firme.

Artigo 14.- Infraccións moi graves

a) Cando houbese grave repercusión nos recursos naturais.

b) A reincidencia en infraccións graves. Enténdese que existe reincidencia pola comisión no termo dun ano dunha infracción grave, cando así fose declarado por resolución firme.

Artigo 15.- Sancións

1. As sancións aplicables serán as seguintes:

a) Por infraccións leves, multa dende 50 a 500 euros.

b) Por infraccións graves, multa dende 501 a 1.500 euros.

c) Por infraccións moi graves, multa de 1.501 a 3.000 euros.

2. As sancións graduaranse en función dos seguintes criterios:

- Grado de intencionalidade.
- Contía do beneficio obtido.
- Natureza dos prexuízos causados.

Disposición transitoria

As plantacións de árbores existentes á entrada en vigor desta ordenanza que, como consecuencia da súa aplicación, se atopen a unha distancia menor á regulada nos seus artigos, disporán dun período máximo de cinco anos para adaptarse á citada disposición.

Disposición derradeira

Esta ordenanza reguladora da limpeza de terreos e soares e protección contra os incendios forestais e distancia das plantacións entrará en vigor o mesmo día da súa publicación íntegra no BOP da provincia e permanecerá en vigor ata a súa modificación o derrogación expresa.

Parada de Sil, 6 de xullo de 2017. O alcalde accidental.

Asdo.: Aquilino Domínguez Díaz.

---

*Anuncio*

*El Pleno de la Corporación, en la sesión extraordinaria que se celebró el día 28 de abril de 2017, aprobó inicialmente la Ordenanza Reguladora de la Limpieza de Terrenos y Solares y de Protección contra los Incendios Forestales y Distancia de las Plantaciones, una vez expuesta al público y no habiéndose presentado alegaciones ni reclamaciones, se entiende definitivamente aprobada por lo que se procede a su transcripción:*

*Ordenanza Municipal Reguladora de la Limpieza de Terrenos y Solares y de Protección contra los Incendios Forestales y Distancias de las Plantaciones*

*De conformidad con la potestad reglamentaria atribuida por los artículos 4.1 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora del Régimen Local y 6.1 de la Ley 5/1997, de 22 de julio, Reguladora de la Administración Local de Galicia, el Ayuntamiento de Parada de Sil por medio de la presente Ordenanza se propone regular la limpieza de terrenos y, en el ámbito de sus competencias, la distancia de las plantaciones forestales, con el objeto de conseguir las adecuadas condiciones de salubridad y de prevenir y evitar los incendios forestales.*

*Artigo 1.- Fundamento*

*La presente ordenanza es de aplicación en el marco de lo dispuesto en la Ley 7/2012, de 28 de junio, de Montes de Galicia, 3/2007, de 9 de abril, de Prevención y Defensa contra los incendios Forestales de Galicia y Decreto 105/2006, de 22 de junio, por el que se regulan medidas relativas a la prevención de incendios forestales, y también en la Ley 2/2016, del Suelo de Galicia y Decreto 143/2016, por el que se aprueba el Reglamento de la Ley 2/2016 de 10 de febrero.*

*Artigo 2- Finalidad*

*Esta ordenanza, que tiene naturaleza de ordenanza no fiscal, tiene por finalidad establecer las condiciones para llevar adelante la limpieza y la fijación de la distancia para plantaciones en los terrenos clasificados como núcleos urbanos, urbanizables o de núcleo rural del término municipal.*

*Artigo 3.- Ámbito de aplicación*

*La presente ordenanza es de obligado cumplimiento para todas las personas, tanto físicas como jurídicas, que tengan sus terrenos dentro del término municipal de Parada de Sil.*

*Conforme a lo dispuesto en el artigo 4.2 de la Ley 5/1997, de 22 de julio, Reguladora de la Administración Local de Galicia, la presente ordenanza será de aplicación en todo lo no previsto por la legislación básica.*

*Artigo 4.- Definiciones*

*Para los efectos de esta ordenanza tendrán la consideración de núcleo urbano, urbanizable y núcleo rural de los terrenos y solares que entren dentro de esas delimitaciones según el planeamiento urbanístico en vigor*

*Artigo 5.· Limpieza de terrenos*

*Los propietarios y arrendadores de fincas incluidas en suelo urbano, urbanizable o de núcleo rural, tienen la obligación de mantenerlas limpias y desbrozadas de todo tipo de vegetación y en las debidas condiciones de seguridad y salubridad, debiendo proceder a su desinfección e desratización periódica.*

*Artigo 6.- Actuaciones*

*De acuerdo con lo dispuesto en la Ley 3/2007 los propietarios o titulares del derecho de aprovechamiento sobre los terrenos emplazados en suelo urbano, urbanizable o de núcleo rural, que estén a menos de 50 metros del perímetro de monte deberán mantenerlos limpios y desbrozados de vegetación de acuerdo con los bandos e instrucciones dictados por la Alcaldía y, en todo caso, antes del 1 de junio de cada ano.*

*Esta misma obligación la tendrán los propietarios o titulares del derecho de aprovechamiento sobre los terrenos que estando situados en una franja de 50 metros alrededor de edificaciones, viviendas aisladas y urbanizaciones, depósitos de basura, parques e instalación industriales, que estén a menos de 400 metros del monte.*

*Además, en los primeros 30 metros desde el límite de la propiedad, no podrá haber especies de las señaladas en la disposición adicional 3ª de la Ley 3/2007, excepto que se trate de árboles singulares, aislados o que cumplan funciones ornamentales.*

*Artigo 7.- Distancias en las repoblaciones forestales y plantaciones*

*De conformidad con lo dispuesto en la Ley 7/2012, de Montes, quedan prohibidas las repoblaciones forestales en los terrenos clasificados como suelo urbano, urbanizable o de núcleo rural. En su caso as repoblaciones forestales deberán guardar, respecto de las edificaciones, viviendas aisladas, pozos, e instalaciones industriales, la distancia mínima de 15 metros cuando se trate de especies frondosas, y de 30 metros en el resto de especies.*

*Artigo 8.- Licencias y permisos para talas*

*Las talas y los abatimientos de árboles que constituían masa arbórea, espacio boscoso, arbolado o parque, a excepción de las autorizadas en solo rústico o urbanizable por los órganos competentes de la Comunidad Autónoma en materia forestal, estarán sujetas a obtención de la previa licencia municipal por parte de este ayuntamiento.*

*Artigo 9.- Ejecución subsidiaria*

*Si los propietarios o titulares de los derechos de aprovechamiento de los terrenos no realizasen los trabajos de desbroce de vegetación y/o de limpieza en los plazos fijados por el ayuntamiento, este podrá llevar adelante los mismos, luego del apercibimiento en forma y sin perjuicio de la imposición, previa la tramitación del oportuno expediente, de las sanciones procedentes.*

*Los costes derivados de eses trabajos serán repercutidos, en su caso, a los propietarios o titulares de los aprovechamientos de los terrenos, procediendo, de ser el caso, al cobro de los gastos que se ocasionen al ayuntamiento a través del procedimiento de apremio.*

*Artigo 10.- Competencia*

*Corresponde al Ayuntamiento de Parada de Sil a través de la Alcaldía o concejal en el que delegue, la inspección y sanción de las infracciones, previa a la instrucción del correspondiente expediente, derivadas de las obligaciones reguladas en esta Ordenanza. Cuando se detecten infracciones de índole penal o de competencia de otras administraciones se dará cuenta inmediata de las mismas a la autoridad u organismo que corresponda.*

*Artigo 11.- Clasificación de las infracciones*

*Se considerarán infracciones administrativas en relación con las materias a las que se refiere esta ordenanza, los actos u omisiones que contravengan lo establecido en las normas que integran su contenido.*

*Las infracciones se clasificarán en leves, graves y muy graves.*

*Artigo 12.- Infracciones leves*

*a) No proceder a la limpieza y roza de los terrenos y franjas señaladas en esta ordenanza una vez transcurrido el plazo señalado por el ayuntamiento.*

*b) No cumplir las órdenes específicas dictadas por el ayuntamiento.*

*Artigo 13.· Infracciones graves*

*a) No proceder al desbroce y limpieza de los terrenos una vez notificada su obligación y después de serle comunicada la valoración del coste de las mismas, cuando haya riesgo inminente de incendio para las viviendas y personas.*

*b) No permitir el acceso al personal de vigilancia para la inspección de los terrenos.*

*c) La negativa a suministrar información a la autoridad municipal, funcionarios y agentes en cumplimento de sus funciones.*

*d) La realización de plantaciones sin guardar las distancias establecidas en la presente ordenanza.*

*e) La realización de plantaciones en los lugares expresamente prohibidos en la presente ordenanza.*

*f) La reincidencia en infracciones leves. Se entiende que existe reincidencia por la comisión en el término de un año de una infracción leve, cando así fuese declarado por resolución firme.*

*Artigo 14.- Infracciones muy graves*

*a) Cuando hubiese grave repercusión en los recursos naturales.*

*b) La reincidencia en infracciones graves. Se entiende que existe reincidencia por la comisión en el término de un año de una infracción grave, cando así fuese declarado por resolución firme.*

*Artigo 15.- Sanciones*

*1. Las sanciones aplicables serán las siguientes:*

*a) Por infracciones leves, multa desde 50 a 500 euros.*

*b) Por infracciones graves, multa desde 501 a 1.500 euros.*

*c) Por infracciones muy graves, multa de 1.501 a 3.000 euros.*

*2. Las sanciones se graduarán en función de los siguientes criterios:*

*- Grado de intencionalidad.*

*- Cuantía del beneficio obtenido.*

*- Naturaleza de los prejuicios causados.*

*Disposición Transitoria*

*Las plantaciones de árboles existentes a la entrada en vigor de la presente Ordenanza que, como consecuencia de su aplicación, se encuentren a una distancia menor a la regulada en sus artículos, dispondrán de un período máximo de cinco años para adaptarse a la citada disposición.*

*Disposición última*

*La presente Ordenanza Reguladora de la Limpieza de Terrenos y Solares y de Protección contra los Incendios Forestales y Distancia de las Plantaciones entrará en vigor el mismo día de su publicación íntegra en el BOP de la provincia y permanecerá en vigor hasta su modificación o derogación expresa.*

*Parada de Sil, 6 de julio de 2017. El alcalde accidental.*

*Fdo.- Aquilino Domínguez Díaz.*

***R. 2.170***

## Parada de Sil

Anuncio

O Pleno da Corporación, na sesión extraordinaria que se realizou o día 28 de abril de 2017, aprobou inicialmente a Ordenanza reguladora do prezo público por entrada e visita ao Mosteiro de Santa Cristina, unha vez exposta ao público e ao non se presentar alegacións nin reclamacións, enténdese definitivamente aprobada polo que se procede a súa transcrición:

Ordenanza reguladora do prezo público por entrada e visita ao Mosteiro de Santa Cristina.

Artigo 1.- Obxecto

Esta Entidade Local, en uso das facultades contidas nos artigos 41 a 47 e 127 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei das facendas locais, establece o presente prezo público pola entrada e visita do Mosteiro de Santa Cristina.

Artigo 2.- Feito impoñible

O feito impoñible está constituído pola entrada e visita ao recinto do Mosteiro de Santa Cristina podéndose incluír con carácter opcional, os servizos de visitas didácticas.

Artigo 3.- Obrigados ao pagamento

Están obrigados ao pagamento do prezo público regulado na presente Ordenanza, todas aquelas persoas físicas que soliciten acceder ao Mosteiro de Santa Cristina.

Artigo 4.- Contía

O importe dos prezos públicos serán os seguintes:

Concepto; Importe

Entrada individual, por persoa; 1 euro

Entrada grupo de 20 a 39 persoas; 15 euros

Entrada grupo de 40 ou máis persoas; 30 euros

Artigo 5.- Obriga e forma de pagamento

A obrigación de pagar o prezo público nace dende o momento en que se inicie a prestación do servizo ou a realización da actividade.

O pagamento do prezo público farase efectivo en metálico no momento do acceso ao Mosteiro de Santa Cristina da persoa obrigada ao pagamento, a quen se lle entregará un recibo numerado e selado.

Artigo 6.- Infraccións e sancións

As débedas polos prezos públicos aquí regulados poderán esixirse polo procedemento administrativo de prema e de conformidade coa normativa de recadación que sexa de aplicación.

Artigo 7.- Lexislación aplicable

En todo o non previsto na presente Ordenanza estarase ao disposto no Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, a Lei xeral tributaria, a Lei 8/1989, do 13 abril, de taxas e prezos públicos, así como na Ordenanza fiscal xeral aprobada por este Concello.

Disposición final

A presente Ordenanza reguladora do prezo público por entrada e visita ao Mosteiro de Santa Cristina, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa.

Parada de Sil, 6 de xullo de 2017. O alcalde accidental.

Asdo.: Aquilino Domínguez Díaz.

---

*Anuncio*

*El Pleno de la Corporación, en la sesión extraordinaria que se celebró el día 28 de abril de 2017, aprobó inicialmente la Ordenanza Reguladora del Precio Público por Entrada y Visita al Monasterio de Santa Cristina, una vez expuesta al público y no presentándose alegaciones ni reclamaciones, se entiende definitivamente aprobada por lo que se procede a su transcripción:*

*Ordenanza Reguladora del Precio Público por Entrada y Visita al Monasterio de Santa Cristina.*

*Artículo 1.- Objeto*

*Esta Entidad Local, en uso de las facultades contenidas en los artículos 41 a 47 y 127 del Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley de Haciendas Locales, establece el presente precio público por la entrada y visita al Monasterio de Santa Cristina.*

*Artículo 2.- Hecho imponible*

*El hecho imponible está constituido por la entrada y visita al recinto del Monasterio de Santa Cristina pudiéndose incluir con carácter opcional, los servicios de visitas didácticas.*

*Artículo 3.- Obligados al pago*

*Están obligados al pago del precio público regulado en la presente Ordenanza, todas aquellas personas físicas que soliciten acceder al Monasterio de Santa Cristina.*

*Artículo 4.- Cuantía*

*El importe de los precios públicos serán los siguientes:*

*Concepto; Importe*

*Entrada individual, por persona mayor de 16 años; 1 euro*

*Entrada grupo de 20 a 39 personas; 15 euros*

*Entrada grupo de 40 o más personas; 30 euros*

*Artículo 5.- Obligación y forma de pago*

*La obligación de pagar el precio público nace desde el momento en que se inicie la prestación del servicio o la realización de la actividad.*

*El pago del precio público se hará efectivo en metálico en el momento del acceso al Monasterio de Santa Cristina de la persona obligada al pago, a quien se entregará un recibo numerado y sellado.*

*Artículo 6.- Infracciones y sanciones*

*Las deudas por los precios públicos aquí regulados podrán exigirse por el procedimiento administrativo de apremio y de conformidad con la normativa de recaudación que sea de aplicación.*

*Artículo 7.- Legislación aplicable*

*En todo lo no previsto en la presente Ordenanza se estará a lo dispuesto en el Texto Refundido de la Ley Reguladora de Haciendas Locales, aprobado por Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases de Régimen Local, la Ley General tributaria, la Ley 8/1989, de 13 abril, de Tasas y Precios Públicos, así como en la Ordenanza Fiscal General aprobada por este Ayuntamiento.*

*Disposición final*

*La presente Ordenanza reguladora del precio público por entrada y visita al Monasterio de Santa Cristina entrará en vigor el mismo día de su publicación íntegra en el Boletín Oficial de la Provincia permaneciendo en vigor hasta su modificación o derogación expresa.*

*Parada de Sil, 6 de julio de 2017. El alcalde accidental.*

*Fdo.: Aquilino Domínguez Díaz.*

***R. 2.169***

---

## Piñor

Edicto

Una vez aprobado inicialmente, na sesión ordinaria do Pleno deste concello, con data 20 de xullo de 2017, o orzamento xeral, bases de execución e o cadro de persoal funcionario, laboral e eventual para o exercicio económico 2017, de acordo co previsto no artigo 169 do Texto refundido da Lei reguladora

de facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo e o artigo 20 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, exponse ao público o expediente e a documentación preceptiva polo prazo de quince días desde a publicación deste anuncio, para os efectos de reclamacións e alegacións.

De conformidade co acordo adoptado, o orzamento considerarase definitivamente aprobado, se durante o citado prazo non son presentadas reclamacións.

Piñor, 21 de xullo de 2017. O alcalde.

Asdo.: José Luís González Rodríguez.

*Edicto*

*Una vez aprobado inicialmente, en la sesión ordinaria del Pleno de este ayuntamiento, con fecha 20 de julio de 2017, el presupuesto general, bases de ejecución y plantilla de personal funcionario, laboral y eventual para el ejercicio económico 2017, de acuerdo con lo previsto en el artículo 169 del Texto Refundido de la Ley Reguladora de Haciendas Locales aprobada por el Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo y el artículo 20 del Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, se expone al público el expediente y la documentación preceptiva por plazo de quince días desde la publicación de este anuncio, para los efectos de reclamaciones y alegaciones.*

*De conformidad con el acuerdo adoptado el presupuesto se considerará definitivamente aprobado, si durante el citado plazo no se presentan reclamaciones.*

*Piñor, 21 de julio de 2017. El alcalde.*

*Fdo.: José Luís González Rodríguez.*

***R. 2.328***

## Piñor

Edicto

Delegación da Alcaldía no primeiro tenente de alcalde

Por Resolución da Alcaldía, do 20 de xullo de 2017, delegáronse as funcións da Alcaldía no primeiro tenente de alcalde do concello, don Xosé Uxío Rodríguez Blanco, durante os días comprendidos entre o 1 e o 15 de agosto de 2017, o que, en cumprimento do disposto no artigo 47 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, se publica para xeral coñecemento.

O alcalde. Asdo.: José Luís González Rodríguez.

Documento asinado electronicamente na marxe

*Edicto*

*Delegación de la Alcaldía en el primer teniente de alcalde*

*Por Resolución de la Alcaldía, de 20 de julio de 2017, se delegaron las funciones de la Alcaldía en el primer teniente de alcalde del ayuntamiento, don Xosé Uxío Rodríguez Blanco, durante los días comprendidos entre el 1 y el 15 de agosto de 2017, lo que, en cumplimiento de lo dispuesto en el artículo 47 del Real Decreto 2568/1986, de 28 de noviembre, se publica para conocimiento general.*

*El alcalde. Fdo.: José Luís González Rodríguez.*

***R. 2.327***

## San Cristovo de Cea

Anuncio para a modificación das bases para a compravenda de parcelas no polígono industrial

O Pleno Municipal, na sesión plenaria ordinaria do día 29 de maio de 2017, aprobou a seguinte modificación do "Prego de cláusulas administrativas particulares do procedemento aberto, cun só criterio de adxudicación, para o alleamento mediante compravenda das parcelas A1, A2, A3, A4, A5, B1, B2, B3 e C, propiedade do Concello de San Cristovo de Cea (Ourense), incluídas no Polígono Industrial do Concello de San Cristovo de Cea con destino a uso industrial e demais usos compatibles":

Base I.- Obxecto do contrato e xustificación.

Engádese:

A súa duración estenderase ata a totalidade da venda das parcelas pendentes de poxa ou urbanización.

Base IX.- Mesa de contratación.

Será substituída polo seguinte:

"Para os efectos desta licitación ostentará a condición de órgano de contratación, consonte co disposto na disposición adicional segunda do TRLCSP, a Corporación Municipal a través da Xunta de Goberno Local para os efectos da apertura de proposicións económicas, que se realizará en acto público e que terá lugar na localización que se dispoña por decreto da Alcaldía emitido para o efecto.

A Xunta de Goberno Local poderá iniciar, mediante o correspondente acordo, o procedemento de poxa dos lotes que estime oportunos, coa correspondente publicidade e seguindo o procedemento fixado polo prego.

San Cristovo de Cea, 19 de xullo de 2017. O alcalde.

Asdo.: José Luis Valladares Fernández.

*Anuncio para la modificación de las bases para la compraventa de las parcelas en el polígono industrial.*

*El Pleno Municipal, en la sesión plenaria ordinaria del día 29 de mayo de 2017, aprobó la siguiente modificación del "Pliego de cláusulas administrativas particulares por procedimiento abierto, con un solo criterio de adjudicación, para la subasta mediante compraventa de las parcelas A1, A2, A3, A4, A5, B1, B2, B3 e C, propiedad del Ayuntamiento de San Cristovo de Cea (Ourense), incluidas en el Polígono Industrial del Ayuntamiento de San Cristovo de Cea con destino a uso industrial y demás usos compatibles":*

*Base I. Objeto del contrato y justificación.*

*Se añade:*

*Su duración se extenderá hasta la totalidad de la venta de las parcelas pendientes de subasta o urbanización.*

*Base IX. Mesa de contratación.*

*Será substituida por la siguiente:*

*"Para los efectos de esta licitación ostentará la condición de órgano de contratación, conforme con lo dispuesto en la disposición adicional segunda del TRLCSP, la Corporación Municipal a través de la Junta de Gobierno Local a efectos de la apertura de proposiciones económicas, que se realizará en acto público y que tendrá lugar en la ubicación que se dispondrá por decreto de la Alcaldía emitido para tal efecto.*

*La Junta de Gobierno Local podrá iniciar, mediante el correspondiente acuerdo, el procedimiento de la subasta de los lotes que estime oportunos, con la correspondiente publicidad y siguiendo el procedimiento fijado por el pliego.*

*San Cristovo de Cea, 19 de julio de 2017. El alcalde.*

*Fdo.: José Luis Valladares Fernández.*

***R. 2.318***

## Sarreaus

Debido a miña ausencia do concello dende o día 23 de xullo ao 4 de agosto do 2017, ambos os dous incluídos, no uso das facultades que me confiren os artigos 21.3 da Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, 63 da Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración local de Galicia e 43, 44 e 47

do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, resolvo:

Primeiro.- Delegar o exercicio das funcións da Alcaldía no primeiro tenente de alcalde, don Julio Gallego Míguez, dende o día 23 de xullo ao 4 de agosto do 2017, ambos os dous incluídos.

Segundo.- Darlle conta ao Pleno na vindeira sesión que realice e ordenar a publicación desta delegación no BOP, sen prexuízo da súa efectividade dende o día da sinatura.

Terceiro.- Comunicarlle este decreto ao interesado.

Sarreaus, 21 de xullo de 2017. O alcalde.

Asdo.: Gumersindo Lamas Alvar.

---

*Debido a mi ausencia del ayuntamiento desde el día 23 de julio al 4 de agosto del 2017, ambos inclusive, en el uso de las facultades que me confieren los artículos 21.3 de la Ley 7/85 del 2 de abril, Reguladora de las bases del Régimen Local, 63 de la Ley 5/1997, del 22 de julio de Administración Local de Galicia y 43, 44 y 47 del Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Corporaciones Locales, resuelvo:*

*Primero.- Delegar el ejercicio de las funciones de la Alcaldía en el primer teniente de alcalde, don Julio Gallego Míguez, desde el día 23 de julio al 4 de agosto del 2017, ambos inclusive.*

*Segundo.- Darle cuenta al Pleno en la primera sesión que realice y ordenar la publicación de esta delegación en el BOP, sin perjuicio de su efectividad desde el día de la firma.*

*Tercero.- Comunicarle este decreto al interesado.*

*Sarreaus, 21 de julio de 2017. El alcalde.*

*Fdo.: Gumersindo Lamas Alvar.*

***R. 2.334***

## Viana do Bolo

Anuncio

Durante o período que vai das 18.00 horas do día 21 de xullo ás 24.00 horas do día 20 de agosto deste ano, ambos os dous incluídos, esta Alcaldía prevé ausentarse do termo municipal.

De conformidade cos artigos 43, 44 e 47 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, resolvo delegar, mentres dure a devandita ausencia, a totalidade das miñas atribucións no primeiro tenente de alcalde, don José Antonio Alfonso García

Déaselle conta ao Pleno do contido desta delegación na súa vindeira sesión

Viana do Bolo, 20 de xullo de 2017. O alcalde.

Asdo.: Secundino Fernández Fernández.

---

*Anuncio*

*Durante el período que va desde las 18.00 horas del día 21 de julio hasta las 24.00 horas del día 20 de agosto del presente año, ambos incluidos, esta Alcaldía tiene previsto ausentarse del término municipal.*

*De conformidad con los artículos 43, 44 y 47 del Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales, resuelvo delegar, mientras dure la mencionada ausencia, la totalidad de mis atribuciones en el primer teniente de alcalde, don José Antonio Alfonso García.*

*Désele cuenta al Pleno del contenido de esta delegación en su próxima sesión.*

*Viana do Bolo, 20 de julio de 2017. El alcalde.*

*Fdo.: Secundino Fernández Fernández.*

***R. 2.317***

## Vilamarín

Edicto

A Xunta de Goberno Local, de data 5 de xullo de 2017, aprobou o proxecto de “obras complementarias no campo de futbol municipal de Vilamarín”.

Exponse ao público na Secretaría deste Concello polo prazo de quince días hábiles, contados a partir do seguinte ao da súa inserción no BOP, para os efectos do seu exame e presentación de reclamacións, considerándose definitivamente aprobado no caso de non formularen ningunha.

Vilamarín, 6 de xullo de 2017. O alcalde.

Asdo. Amador Vázquez Vázquez.

---

*Edicto*

*La Junta de Gobierno Local, de fecha 5 de julio de 2.017, aprobó el proyecto de “obras complementarias en el campo de fútbol municipal de Vilamarín”.*

*Se expone al público en la Secretaría de este Ayuntamiento por el plazo de quince días hábiles, contados a partir del siguiente al de su inserción en el BOP, a los efectos de su examen y presentación de reclamaciones, considerándose definitivamente aprobado en el caso de no formularse ninguna.*

*Vilamarín, 6 de julio de 2017. El alcalde.*

*Fdo.: Amador Vázquez Vázquez.*

***R. 2.166***

## Vilardevós

Anuncio

Con data 20 de xullo de 2017, o alcalde deste Concello de Vilardevós resolveu aprobar o padrón da taxa polo abastecemento da auga potable e do canon da auga da Xunta de Galicia, correspondente ao 2º trimestre do período impositivo de 2017 deste Concello de Vilardevós, con expresión dos suxeitos pasivos fiscais e das liquidacións resultantes deste, o que se expón ao público na secretaría deste concello durante o prazo de quince días hábiles, contados desde o seguinte ao que apareza inserido este anuncio no BOP, para os efectos de exame e reclamacións polos/as interesados/as. Esta exposición, polo prazo de quince días desde a correspondente publicación, servirá así mesmo de notificación colectiva a todos os contribuíntes, nos termos establecidos no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

Contra esta Resolución todos/as os/as interesados/as poderán interpor o recurso de reposición ante esta Alcaldía ao abeiro do disposto no artigo 14.2 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei das facendas locais, no prazo dun (1) mes, contado dende o día seguinte ao remate da exposición ao público do devandito padrón; ou ben, directamente, un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous (2) meses, e non se poderán utilizar simultaneamente os dous tipos de recursos. A interposición do recurso non suspende a eficacia das liquidacións correspondentes, agás que se solicite a súa suspensión e se presente garantía nos termos establecidos no apartado i) do artigo 14.2 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei das facendas locais. O recurso entenderase desestimado se non se resolve expresamente no prazo dun (1) mes dende a súa interposición. Contra a desestimación presunta do recurso poderase interpor recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Ourense, no prazo de dous (2) meses dende a notificación da resolución expresa ou de seis (6) meses dende que se produza

a desestimación presunta, tal como establece o artigo 46.l da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Tamén se poderá interpor calquera outro recurso que se estime conveniente.

Respecto á repercusión do canon da auga, poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa perante o órgano económico-administrativo da Xunta de Galicia no prazo dun (1) mes desde a publicación deste anuncio, de conformidade co establecido no artigo 49.7 do Decreto 136/2012, do 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertido a sistemas públicos de depuración de augas residuais.

O prazo de cobro en período voluntario abranguerá dende o día 1 de agosto de 2017 ata o día 2 de outubro de 2017, ambos os dous inclusive. O pagamento dos recibos efectuarase nas oficinas do Servizo de Recadación da Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín, situadas na Estación de Autobuses de Verín, en horario de atención ao público.

Tamén existe a posibilidade de domiciliar o pagamento das liquidacións nas entidades financeiras da localidade. Advírtese que o non pagamento no período voluntario suporá a iniciación do expediente de constrinximento para o ingreso da débeda, devindicando desde ese momento a recarga de prema (executivo, reducido u ordinario, segundo corresponda, ao abeiro do disposto no artigo 28 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria), o xuro de mora (no caso de recarga de prema ordinaria) e, de ser o caso as custas que se produzan.

Respecto ao canon da auga, advírtese que a falta de pagamento no período voluntario sinalado suporá a esixencia deste directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento, pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia, de conformidade co establecido no artigo 49.7 do Decreto 136/2012, do 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertido a sistemas públicos de depuración de augas residuais.

Este edicto ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

O que se publica para xeral coñecemento.

Vilardevós, 20 de xullo de 2017. O alcalde-

Asdo.: Manuel Cardoso Pérez.

---

*Anuncio*

*El día 20 de julio del 2017, el alcalde de este Ayuntamiento de Vilardevós resolvió aprobar el padrón de la tasa por el abastecimiento del agua potable y del canon del agua de la Xunta de Galicia correspondiente al 2º trimestre del período impositivo de 2017 de este Ayuntamiento de Vilardevós, con expresión de los sujetos pasivos fiscales y las liquidaciones resultantes del mismo, lo que se expone al público en la secretaría de este ayuntamiento durante el plazo de quince días hábiles, contados desde el siguiente a que aparezca inserto este anuncio en el BOP, a los efectos de examen y reclamaciones por los/las interesados/as. Esta exposición, por el plazo de quince días desde la correspondiente publicación, servirá así mismo de notificación colectiva a todos los contribuyentes, en los términos establecidos en el artículo 102.3 de la Ley 58/2003, de 17 de diciembre, General Tributaria.*

*Contra esta resolución todos/as los/las interesados/as podrán interponer recurso de reposición ante esta Alcaldía al amparo de lo dispuesto en el artículo 14.2 del Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley de las Haciendas Locales, en el plazo de un (1) mes, contado desde el día siguiente al término de la exposición al público del citado padrón; o bien, directamente, un recurso contencioso-administrativo en el plazo de dos (2) meses, y no se podrán utilizar simultáneamente los dos tipos de recursos. La interposición del recurso no suspende la eficacia de las liquidaciones correspondientes, excepto que se solicite su suspensión y se presente garantía en los términos establecidos en el apartado i) del artículo 14.2 del Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley de las Haciendas Locales. El recurso se entenderá desestimado si no se resuelve expresamente en el plazo de un (1) mes desde su interposición. Contra la desestimación presunta del recurso se podrá interponer recurso contencioso-administrativo ante el Juzgado de lo Contencioso-Administrativo de Ourense, en el plazo de dos (2) meses, desde la notificación de la resolución expresa o de seis (6) meses desde que se produzca la desestimación presunta, tal como establece el artículo 46.l de la Ley 29/1998, de 13 de julio, Reguladora de la Jurisdicción Contencioso-Administrativa. También se podrá interponer cualquier otro recurso que se estime conveniente.*

*Respecto a la repercusión del canon del agua, podrá ser objeto de reclamación económico-administrativa ante el órgano económico-administrativo de la Xunta de Galicia en el plazo de un (1) mes desde la publicación de este anuncio, de conformidad con establecido en el artículo 49.7 del Decreto 136/2012, de 31 de mayo, por el que se aprueba el Reglamento del Canon del Agua y del Coeficiente de Vertido a Sistemas Públicos de Depuración de Aguas Residuales.*

*El plazo de cobro en período voluntario será desde el día 1 de agosto de 2017 hasta el día 2 de octubre de 2017, los dos incluidos. El pago de los recibos se efectuará en las Oficinas del Servicio de Recaudación de la Mancomunidad de Municipios de la Comarca de Verín, sitas en la Estación de Autobuses de Verín, en horario de atención al público.*

*También existe la posibilidad de domiciliar el pago de las liquidaciones en las entidades financieras de la localidad. Se advierte que el impago en el período voluntario supondrá la iniciación del expediente de apremio para el ingreso de la deuda, devengando desde ese momento el recargo de apremio (ejecutivo, reducido u ordinario, según corresponda, al amparo de lo dispuesto en el artículo 28 de la Ley 58/2003, de 17 de diciembre, General Tributaria), el interés de demora (en el caso de recargo de apremio ordinario) y en su caso las costas que se produzcan.*

*Respecto al canon del agua, se advierte que la falta de pago en el período voluntario señalado supondrá la exigencia de este directamente al contribuyente por la vía de apremio, por la consellería competente en materia de hacienda de la Xunta de Galicia, de conformidad con lo establecido en el artículo 49.7 del Decreto 136/2012, de 31 de mayo, por el que se aprueba el Reglamento del Canon del Agua y del Coeficiente de Vertido a Sistemas Públicos de Depuración de Aguas Residuales.*

*El presente edicto tiene el carácter de notificación colectiva al amparo de lo establecido en el artículo 102.3 de la Ley 58/2003, de 17 de diciembre, General Tributaria.*

*Lo que se publica para general conocimiento.*

*Vilardevós, 20 de julio de 2017. El alcalde.*

*Fdo.: Manuel Cardoso Pérez.*

***R. 2.320***

---

## Xinzo de Limia

Anuncio

De conformidade co acordo da Xunta de Goberno Local do día 19 de xullo de 2017, por medio deste anuncio efectúase a con-

vocatoria do procedemento aberto, atendendo á oferta economicamente máis vantaxosa, con varios criterios de adxudicación, para a adxudicación do contrato de xestión do servizo de inmobilización e retirada de vehículos da vía pública e o seu depósito e garda, baixo a modalidade de concesión, conforme aos seguintes datos:

1. Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Concello de Xinzo de Limia.

b) Dependencia que tramita o expediente: secretaría.

2. Obxecto do contrato.

a) Descrición do obxecto: xestión do servizo de inmobilización e retirada de vehículos da vía pública, o seu depósito e garda.

b) Prazo de duración: 4 anos, sen posibilidade de prórroga.

3. Tramitación e procedemento.

a) Tramitación: urxente.

b) Procedemento: aberto.

4. Retribucións do concesionario: os ingresos procedentes da recadación da taxa fixada na ordenanza fiscal para o servizo, así como unha achega municipal anual que se fixa nun importe máximo de 34.750,40 € e que poderá ser minorada nas súas ofertas polos licitadores.

5. Garantías:

a) Garantía provisional: non se esixe.

b) Garantía definitiva: 5% do importe de adxudicación. Determinarase de acordo co previsto na cláusula 14ª do prego.

6. Obtención de documentación e información.

a) Entidade: Concello de Xinzo de Limia.

b) Enderezo: Curros Enríquez, 15.

c) Localidade e código postal: Xinzo de Limia, 32630 (Ourense).

d) Teléfono: 988 550 111

e) Telefax: 988 550 112

7. Criterios de valoración das ofertas. Os criterios de adxudicación avaliables de forma automática son os seguintes:

-Minoración da achega municipal ao financiamento do servizo.

-Ampliación do horario de atención ao público presencial establecido no prego de prescricións técnicas.

8. Presentación das ofertas.

a) Prazo de presentación: 8 días naturais dende a publicación do anuncio no BOP e perfil de contratante do concello (último anuncio).

b) Documentación para presentar: a recollida na cláusula 7ª do prego. O modelo da proposta económica recóllese no anexo do prego que se pode obter no perfil do contratante do concello.

c) Lugar de presentación: rexistro xeral do Concello de Xinzo de Limia.

9. Apertura das ofertas: as 13.00 horas do día hábil seguinte ao de remate do prazo de presentación das propostas na sala de xuntas do Concello de Xinzo de Limia.

10. Composición da mesa de contratación: fíxase na cláusula 8ª do prego.

11. Gastos de anuncios: serán por conta do adxudicatario.

12. Perfil de contratante onde figuran as informacións relativas á convocatoria e onde poden obterse os pregos: http://xinzodelimia.sedelectronica.gal/contractor-profile-list

O alcalde.

Asdo.: Antonio Pérez Rodríguez.

Documento asinado electronicamente

---

*Anuncio*

*De conformidad con el acuerdo de la Junta de Gobierno Local del día 19 de julio de 2017, por medio del presente anuncio se efectúa la convocatoria del procedimiento abierto, atendiendo a la oferta económicamente más ventajosa, con varios criterios de adjudicación, para la adjudicación del contrato de gestión del servicio de inmovilización y retirada de vehículos de la vía pública y su depósito y guarda, bajo la modalidad de concesión, conforme a los siguientes datos:*

*1. Entidad adjudicadora.*

*a) Organismo: Ayuntamiento de Xinzo de Limia.*

*b) Dependencia que tramita el expediente: secretaría.*

*2. Objeto del contrato.*

*a) Descripción del objeto: gestión del servicio de inmovilización y retirada de vehículos de la vía pública y su depósito y guarda.*

*b) Plazo de duración: 4 años, sin posibilidad de prórroga.*

*3. Tramitación y procedimiento.*

*a) Tramitación: urgente.*

*b) Procedimiento: abierto.*

*4. Retribuciones del concesionario: los ingresos procedentes de la recaudación de la tasa fijada en la ordenanza fiscal para el servicio, así como una aportación municipal anual que se fija en un importe máximo de 34.750,40 €, y que podrá ser minorada en sus ofertas por los licitadores.*

*5. Garantías:*

*a) Garantía provisional: no se exige.*

*b) Garantía definitiva: garantía definitiva: 5% do importe de adjudicación.*

*Se determinará de acuerdo con lo previsto en la cláusula 14ª del pliego.*

*6. Obtención de documentación e información.*

*a) Entidad: Ayuntamiento de Xinzo de Limia.*

*b) Domicilio: Curros Enríquez, 15.*

*c) Localidad y código postal: Xinzo de Limia, 32630 (Ourense).*

*d) Teléfono: 988 550 111*

*e) Telefax: 988 550 112*

*7. Criterios de valoración de las ofertas. Los criterios de adjudicación evaluables de forma automática son los siguientes:*

*-Minoración de la aportación municipal a la financiación del servicio.*

*-Ampliación del horario de atención al público presencial establecido en el pliego de prescripciones técnicas.*

*8. Presentación de las ofertas.*

*a) Plazo de presentación: 8 días naturales desde la publicación del anuncio en el BOP y perfil del contratante del ayuntamiento (último anuncio).*

*b) Documentación para presentar: la recogida en la cláusula 7ª del pliego. El modelo de propuesta económica se recoge en el anexo del pliego que se puede obtener en el perfil del contratante del Concello de Xinzo de Limia.*

*c) Lugar de presentación: registro general del Ayuntamiento de Xinzo de Limia.*

*9. Apertura de las ofertas: a las 13.00 horas del día hábil siguiente al de finalización del plazo de presentación de las ofertas en la sala de juntas del Ayuntamiento de Xinzo de Limia.*

*10. Composición de la mesa de contratación: se fija en la cláusula 8ª del pliego.*

*11. Gastos de anuncios: serán de cuenta del adjudicatario.*

*12. Perfil de contratante donde figuran las informaciones relativas a la convocatoria y donde se pueden obtener los pliegos: http://xinzodelimia.sedelectronica.gal/contractor-profile-list*

*El alcalde.*

*Fdo.: Antonio Pérez Rodríguez.*

*Documento firmado electrónicamente*

***R. 2.311***

## Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín

Anuncio da convocatoria para a contratación do persoal laboral temporal que se indica a continuación segundo as bases aprobadas por Decreto da Presidencia con data 20/07/2017

Denominación do posto: técnico en cooperativismo e economía social.

Número de prazas: 1

Modalidade de contratación: contrato por obra ou servizo determinado a tempo completo.

Duración do contrato: dous meses

Prazo e lugar de presentación das solicitudes: no prazo dos 5 días hábiles a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no BOP de Ourense; no rexistro xeral da mancomunidade situada na rúa Cancelón, 1, 32600 Verín (Ourense), en horario de 9.00 a 14.00 horas.

Exposición das bases: o texto completo das bases está publicado no taboleiro de anuncios e na páxina Web da Mancomunidade (www.mancoverin.es).

Os anuncios sucesivos publicaranse exclusivamente na no taboleiro de anuncios e na páxina Web da Mancomunidade de Concellos da Comarca de Verín. (www.mancoverin.es).

O presidente. Asdo.: José Luis Suárez Martínez.

---

## *Mancomunidad de Municipios da Comarca de Verín*

*Anuncio de convocatoria para la contratación del personal laboral temporal que se indica a continuación según las bases aprobadas por Decreto de la Presidencia con fecha 20/07/2017.*

*Denominación del puesto: técnico en cooperativismo y economía social.*

*Número de plazas: 1*

*Modalidad de contratación: contrato por obra o servicio determinado a tiempo completo.*

*Duración del contrato: dos meses*

*Plazo y lugar de presentación de las solicitudes: en el plazo de 5 días hábiles a partir del siguiente al de la publicación del anuncio de la convocatoria en el BOP de Ourense; en el registro general de la mancomunidad situada en la calle Cancelón, 1, 32600 Verín (Ourense) en horario de 9.00 a 14.00 horas.*

*Exposición de las bases: el texto completo de las bases está publicado en el tablón de anuncios y en la página Web de la mancomunidad (www.mancoverin.es).*

*Los anuncios sucesivos se publicarán exclusivamente en el tablón de anuncios y en la página Web de la Mancomunidad de Municipios de la Comarca de Verín. (www.mancoverin. es).*

*El presidente. Fdo.: José Luis Suárez Martínez.*

***R. 2.329***

---

# V. TRIBUNAIS E XULGADOS
# *V. TRIBUNALES Y JUZGADOS*

## Xulgado do Social n.º 2
Ourense

Edicto

NIX: 32054 44 4 2017 0000195
Execución de títulos xudiciais 56/2017
Procedemento orixe: despedimento/cesamentos en xeral 47/2016
Sobre: despedimento
Demandante: Jesús Antonio Fernández Pereira
Avogado: Ramón Felipe González Doniz
Demandada: Zebra Limpieza, SL

José Jaime Dopereiro Rodríguez, letrado da Administración de Xustiza do Xulgado do Social número 2 de Ourense, fago saber:

Que no procedemento execución de títulos xudiciais 56/2017 deste xulgado do social, seguido a instancia de Jesús Antonio Fernández Pereira contra a empresa Zebra Limpieza, SL, sobre despedimento, se ditou a seguinte resolución, cuxa parte dispositiva di:

"Acordo:

a) Declarar á executada, Zebra Limpieza, SL, en situación de insolvencia, por importe de 12.552,9 euros, que se entenderá, para todos os efectos, como provisional.

b) Arquivar as actuacións, logo da anotación no libro correspondente, e sen prexuízo de continuar a execución, se no sucesivo se coñecen novos bens da executada.

Notifíqueselles ás partes, facéndolles saber que en aplicación do mandato contido no artigo 53.2 da LXS, no primeiro escrito ou comparecencia ante o órgano xudicial, as partes ou os interesados, e, se é o caso, os profesionais designados, sinalarán un domicilio e datos completos para a práctica dos actos de comunicación. O domicilio e os datos de localización, facilitados para tal fin, terán plenos efectos e as notificacións intentadas sen efecto neles serán válidas mentres non sexan facilitados outros datos alternativos, e é carga procesual das partes e dos seus representantes mantelos actualizados. Así mesmo, deberán comunicar os cambios relativos ao número de teléfono, fax, enderezo electrónico e similares, sempre que estes últimos estean sendo utilizados como instrumento de comunicación co tribunal.

Modo de impugnación: Contra esta resolución cabe un recurso directo de revisión, que deberá interpoñerse ante este órgano xudicial no prazo de tres días hábiles seguintes á notificación, coa expresión da infracción cometida a xuízo do recorrente, artigo 188 da LPL. O recorrente que non teña a condición de traballador ou beneficiario de réxime público da Seguridade Social deberá facer un depósito para recorrer de 25 euros na conta núm. 3224000064005617 aberta na oficina principal do Santander, e deberá poñer no campo "concepto" a indicación do recurso, seguido do código "31 Social – Revisión de resolucións do/a letrado/a da Administración de Xustiza".

Se o ingreso se fai mediante transferencia bancaria, deberá incluír tras a conta referida, separados por un espazo a indicación "recurso" seguida do "código 31 Social – Revisión de resolucións letrado da Administración de Xustiza". Se o ingreso se fai mediante unha transferencia bancaria, deberá incluír, logo da referida conta, separados por un espazo coa indicación "recurso" seguida do "31 Social – revisións do letrado da Administración de Xustiza".

Se se efectúan diversos pagamentos na mesma conta, deberá especificar un ingreso por cada concepto, incluso se obedecen a outros recursos da mesma ou de distinta clase, indicando no campo de observacións a data da resolución recorrida utilizando o formato dd/mm/aaaa. Quedan exentos do seu aboamento, en todo caso, o Ministerio Fiscal, o Estado, as comunidades autónomas, as entidades locais e os organismos autónomos dependentes deles.

E para que lle sirva de notificación de forma legal Zebra Limpieza, SL, en paradoiro descoñecido, expido este edicto para a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Ourense.

Advírteselle ao destinatario que as seguintes comunicacións se farán fixando unha copia da resolución ou da cédula no taboleiro de anuncios da oficina xudicial, salvo no suposto da comu-

nicación das resolucións que deban revestir forma de auto ou de sentenza, ou cando se trate de emprazamento.

Ourense, 3 de xullo de 2017. O letrado da Administración de Xustiza.

---

## *Juzgado de lo Social n.º 2*

*Ourense*

*Edicto*

*NIG: 32054 44 4 2017 0000195*
*Ejecución de títulos judiciales 56/2017*
*Procedimiento origen: despido/ceses en general 47/2016*
*Sobre: despido*
*Demandante: Jesús Antonio Fernández Pereira*
*Abogado: Ramón Felipe González Doniz*
*Demandada: Zebra Limpieza, SL*

*José Jaime Dopereiro Rodríguez, letrado de la Administración de Justicia del Juzgado de lo Social número 2 de Ourense, hago saber:*

*Que en el procedimiento ejecución de títulos judiciales 56/2017 de este juzgado de lo social, seguido a instancia de Jesús Antonio Fernández Pereira contra la empresa Zebra Limpieza, SL, sobre despido, se dictó la siguiente resolución, cuya parte dispositiva dice:*

*"Acuerdo:*

*c) Declarar a la ejecutada, Zebra Limpieza, SL, en situación de insolvencia, por importe de 12.552,9 euros, que se entenderá, a todos los efectos, como provisional.*

*d) Archivar las actuaciones, luego de la anotación en el libro correspondiente, y sin perjuicio de continuar la ejecución, si en lo sucesivo se conocen nuevos bienes de la ejecutada.*

*Notifíquese a las partes, haciéndoles saber que en aplicación del mandato contenido en el artículo 53.2 de la LJS, en el primer escrito o comparecencia ante el órgano judicial, las partes o los interesados, y, en su caso, los profesionales designados, señalarán un domicilio y datos completos para la práctica de los actos de comunicación. El domicilio y los datos de localización, facilitados a tal fin, tendrán plenos efectos y las notificaciones intentadas sin efecto en ellos serán válidas en tanto no sean facilitados otros datos alternativos, y es carga procesal de las partes y de sus representantes mantenerlos actualizados. Asimismo, deberán comunicar los cambios relativos al número de teléfono, fax, dirección electrónica, y similares, siempre que estos últimos estén siendo utilizados como instrumento de comunicación con el tribunal.*

*Modo de impugnación: Contra esta resolución cabe recurso directo de revisión, que deberá interponerse ante este órgano judicial en el plazo de tres días hábiles siguientes a la notificación, con la expresión de la infracción cometida a juicio del recurrente, artículo 188 de la LPL. El recurrente que no tenga la condición de trabajador o beneficiario de régimen público de la Seguridad Social deberá hacer un depósito para recurrir de 25 euros en la cuenta núm. 3224000064005617 abierta en la oficina principal del Santander, y deberá poner en el campo "concepto" la indicación del recurso, seguido del código "31 Social Revisión de resoluciones del/a letrado/a de la Administración de Justicia".*

*Si el ingreso se hace mediante transferencia bancaria, deberá incluir tras la cuenta referida, separados por un espacio la indicación "recurso" seguida del "código 31 Social – Revisión de resoluciones letrado de la Administración de Justicia". Si el ingreso se hace mediante una transferencia bancaria, deberá incluir, luego de la referida cuenta, separados por un espacio con la indicación "recurso" seguida del "31 Social – revisiones del letrado de la Administración de Justicia".*

*Si se efectúan diversos pagos en la misma cuenta, deberá especificar un ingreso por cada concepto, incluso si obedecen a otros recursos de la misma o de distinta clase, indicando en el campo de observaciones la fecha de la resolución recurrida utilizando el formato dd/mm/aaaa. Quedan exentos de su abono, en todo caso, el Ministerio Fiscal, el Estado, las comunidades autónomas, las entidades locales y los organismos autónomos dependientes de los mismos.*

*Y para que sirva de notificación de forma legal Zebra Limpieza, SL, en paradero desconocido, expido este edicto para su publicación en el Boletín Oficial de la Provincia de Ourense.*

*Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula en el tablón de anuncios de la oficina judicial, salvo en el supuesto de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o de sentencia, o cuando se trate de emplazamiento.*

*Ourense, 3 de julio de 2017. El letrado de la Administración de Justicia.*

***R. 2.182***

---

## Xulgado de Instrución n.º 2

Ourense

Edicto

NIX: 32054 43 2 2016 0004651
Xuízo sobre delitos leves n.º 1415/2016
Delito/falta: danos

En virtude do acordado nos autos de referencia, de conformidade co que dispoñen os artigos 156.4 e 164 da Lei 1/2000, de axuizamento civil, por medio deste edicto notifícaselle a don Santiago Sotelo Vázquez a sentenza de data 26 de maio de 2017, ditada neste procedemento e que está ao seu dispor na Secretaría deste xulgado, facéndolle saber que esta non é firme e que poderá interpor ante este órgano xudicial un recurso de apelación no prazo de 5 días desde o seguinte á notificación da resolución e do que coñecerá a Audiencia Provincial.

Ourense, 29 de xuño de 2017. O/A letrada da Administración de Xustiza.

---

## *Juzgado de Instrucción nº 2*

*Ourense*

*Edicto*

*NIG: 32054 43 2 2016 0004651*
*Juicio sobre delitos leves nº 1415/2016*
*Delito/falta:daños*

*En virtud de lo acordado en los autos de referencia, de conformidad con lo que disponen los artículos 156.4 y 164 de la Ley 1/2000, de Enjuiciamiento Civil, por medio de este edicto se notifica a don Santiago Sotelo Vázquez la sentencia de fecha 26 de mayo de 2017, dictada en este procedimiento y que está a su disposición en la Secretaría de este juzgado, haciéndole saber que ésta no es firme y que podrá interponer ante este órgano judicial recurso de apelación en el plazo de 5 días desde*

*el siguiente a la notificación de la resolución y del que conocerá la Audiencia Provincial.*

*Ourense, 29 de junio de 2017. El/la letrada de la Administración de Justicia.*

***R. 2.172***

## VI. ANUNCIOS DE PARTICULARES E OUTROS
## *VI. ANUNCIOS DE PARTICULARES Y OTROS*

### Comunidade de Regantes de Barcia
Melón

O que abaixo asina, don Jaime Rodríguez Rodríguez, con DNI 34219913F, como presidente da comisión da Comunidade de Regantes de Barcia (Melón) e conforme co disposto no artigo 201 do Regulamento do dominio público hidráulico, convoca a todos os veciños-usuarios da comunidade de regantes, da devandita poboación a unha xunta xeral, co fin de darlle lectura e examinar os proxectos de estatutos e ordenanzas redactados e, de ser o caso, aprobalos, que terá lugar o día 19 de agosto de 2017, ás 20.00 horas en primeira convocatoria e ás 20.30 en segunda convocatoria, no Centro Cultural de Barcia (Melón), coa seguinte orde do día:

1.-Lectura e aprobación da acta anterior.

2.- Dar lectura e examinar os proxectos de estatutos e, de ser o caso, aprobalos.

3.- Rogos e preguntas.

Asdo: Jaime Rodríguez Rodríguez.

### *Comunidad de Regantes de Barcia*
*Melón*

*El que suscribe, don Jaime Rodríguez Rodríguez, con DNI 34219913F, como presidente de la Comisión de la Comunidad de Regantes de Barcia (Melón) e conforme con lo dispuesto en el artículo 201 del Reglamento del Dominio Público Hidráulico, convoca a todos los vecinos-usuarios de la Comunidad de Regantes, de dicha población a una junta general, con el fin de dar lectura y examinar los proyectos de estatutos y ordenanzas redactados y, en su caso, aprobarlos, que se celebrará el día 19 de agosto de 2017, a las 20.00 horas en primera convocatoria y a las 20.30 en segunda convocatoria, en el Centro Cultural de Barcia (Melón), con el siguiente orden del día:*

*1.- Lectura y aprobación del acta anterior.*

*2.- Dar lectura y examinar los proyectos de estatutos y, en su caso, aprobarlos.*

*3.- Ruegos y preguntas.*

*Fdo.: Jaime Rodríguez Rodríguez.*

***R. 2.297***

### Comunidade de Regantes da Reza
A Arnoia

O que abaixo asina, don Manuel Rojo López, con DNI 76722620W, como presidente da Comisión da Comunidade de Regantes da Reza (A Arnoia).

Conforme co disposto no artigo 201 do Regulamento do dominio público hidráulico, convócase a todos os veciños-usuarios da Comunidade de Regantes, da devandita poboación a unha xunta xeral, co fin de dar lectura e examinar os proxectos de estatutos redactados e, de ser o caso, aprobalos, que terá lugar o día 20 de agosto de 2017, ás 12.00 horas en primeira convocatoria e ás 12.30 en segunda convocatoria, no local social da Reza "A Escueliña" coa seguinte orde do día:

1.-Lectura e aprobación da acta anterior.

2.- Dar lectura e examinar os proxectos de estatutos redactados e ser o caso, aprobalos.

3.- Rogos e preguntas.

Asdo: Manuel Rojo López.

### *Comunidade de Regantes da Reza*
*A Arnoia*

*El que suscribe, don Manuel Rojo López, con DNI 76722620W, como presidente de la comisión de la Comunidade de Regantes da Reza (A Arnoia).*

*Conforme con lo dispuesto en el artículo 201 del Reglamento del Dominio Público Hidráulico, se convoca a todos los vecinos-usuarios de la Comunidad de Regantes, de dicha población a una junta general, con el fin de dar lectura y examinar los proyectos de Estatutos y, en su caso, aprobarlos, que se celebrará el día 20 de agosto de 2017, a las 12.00 horas en primera convocatoria y a las 12.30 en segunda convocatoria, en el local social de A Reza " A Escueliña", con el siguiente orden del día:*

*1.- Lectura y aprobación del acta anterior.*

*2.- Dar lectura y examinar los proyectos de estatutos redactados y en su caso, aprobarlos.*

*3.- Ruegos y preguntas.*

*Fdo.: Manuel Rojo López.*

***R. 2.298***